

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO. IES DE CARRAL. 2021-2025



- 1- INTRODUCCIÓN
- 2- O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO
- 3- LINGUA QUE SE DEBE EMPREGAR NAS DIFERENTES MATERIAS
- 4- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.
- 5- OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA
 - 5.1- OBXECTIVOS
 - 5.2- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
- 6- OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS
- 7- RECURSOS E MATERIAIS
- 8- AVALIACIÓN
- 9- ANEXOS

1- INTRODUCCIÓN

O IES de Carral comezou a funcionar en setembro de 2015. Cumprindo o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia no ano 2016 redactouse e aprobouse o primeiro Proxecto Lingüístico do Centro. Como consta no Decreto, no artigo 14º:

Artigo 14º.-Proxecto lingüístico de centro.

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares...

Isto significa que o curso anterior debemos renovar este documento. Mais a COVID 19 fixo que o curso anterior fose diferente e alterase o normal funcionamento de toda a institución educativa, primando outros aspectos. Eis a razón pola que se retrasou un curso a súa redacción e renovación.

No noso centro o Equipo Directivo nomeou unha comisión, oída a CCP, encargada de redactar o PLC que estivo formada por:

Xefa do Departamento de Lingua Castelá: Luz Gómez Avilés

Xefa do Departamento de Lingua Galega: Rosa Pombar Diéguez

Profesora do Departamento de Lingua Francesa: María Rey Criado

Xefa do Departamento de Lingua Inglesa: Esther Vecino Chavert

Coordinador do EDLG: Anxo Gómez Sánchez

Todos os aspectos relacionados co ensino e aprendizaxe das linguas nun centro educativo deben figurar no Proxecto Lingüístico de Centro. Un dos retos da escola é conseguir que os cidadáns e cidadás do futuro saiban cantas máis linguas, mellor, partindo da propia. No noso caso desde o galego é fácil achegármonos ao dominio do portugués; se a isto lle sumamos o castelán, e ademais as linguas estranxeiras que poden aprenderse no IES, inglés e francés, teríamos un alumnado plurilingüe, obxectivo desexable na sociedade actual.

A todo isto cabe engadir que temos de transmitir o respecto e valoración polas demais linguas do mundo, algunhas delas como o árabe ou o quechua con falantes no noso centro, e que contribúen en igual medida á pluralidade e riqueza da humanidade. Se somos quen de eliminar

prexuízos en relación coas demais linguas, seranos máis fácil erradicar os que aínda existen en relación co galego.

Para realizarmos un proxecto lingüístico, temos de partir do contexto do noso centro, que analizaremos no seguinte punto.

2- O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O IES Carral é un centro de recente creación no que se imparte Educación Secundaria Obrigatoria. Está situado na vila de Carral, no concello do mesmo nome.

O Concello de Carral está formado por oito parroquias: Tabeaio, Sergude, Cañás, San Vicente de Vigo, Paleo, Quembre, Sumio e Beira. Limita cos concellos de Culleredo, Cambre, Abegondo, Ordes e Cerceda. Segundo datos do IGE de 2020 conta con 6473 habitantes, sendo algo maior o número de mulleres (3297) que o de homes (3176); arredor do 15% da poboación é menor de 18 anos e cun 3 % de poboación estranxeira,

A proximidade de Carral con relación á Coruña, está a provocar unha mobilidade demográfica da poboación coruñesa cara a este concello así como un aumento da inmigración, se ben moi moderado. A maior parte da poboación concéntrase nos núcleos de Paleo e Tabeaio. As outras parroquias teñen un elevado número de entidades polas que se dispersa a poboación.

Nos anos anteriores á crise houbo un considerable medre do centro urbano e das zonas situadas arredor da N-550. Isto tamén influíu na economía local que se foi orientando ao sector comercial e de servizos relacionado coa cidade da Coruña. Consta dun parque empresarial, Os Capelos. Deste xeito temos un concello con parroquias nas que a poboación aumentou lixeiramente, con industrias (madeireiras, materiais de construción) e un sector servizos dinámicos e outras áreas máis rurais. Cómpre salientar a importancia que segue a ter o sector do pan,

Este curso 2020/21 o noso centro participou no proxecto promovido pola SXPL “21 días co galego e +”. Estudaremos a situación lingüística do centro a partir dos cuestionarios que cubriron os diversos estamentos que compoñen a comunidade educativa do IES de Carral. Igualmente empregaremos para esta análise as respostas e valoracións que o noso alumnado fixo do programa, con reflexións moi interesantes.

Partimos para a nosa análise dos datos xerais que ofrece o contexto galego en relación coa mocidade. O primeiro dato ten a ver coa aprendizaxe da lingua que usa a nosa xuventude. Segundo os datos que fornece o IGE no 2014, a familia xa non é a principal fonte de transmisión do galego entre os menores de 30 anos:




Gráfico 2.- Medios polos que aprenderon a falar en galego. Universo: mocidade de 15 a 29 anos
Fonte: IGE (2014)

Observemos a relevancia que tomou a escola na aprendizaxe do galego entre a mocidade. Isto tamén ten relevancia no dominio oral e escrito do idioma:

A prevalencia da escola como espazo de aprendizaxe do galego entre a mocidade tamén nos explica a aparición de novos perfís competenciais. Fronte ao galegofalante tradicional –unha persoa cun elevado dominio da lingua oral, pero que non fora alfabetizado neste idioma e que, polo tanto, tiña dificultades para lelo e non sabía escribilo- xorde entre os mozos urbanos que aprenderon o galego na escola o perfil de quen declara saber escribir, pero ten dificultades para falar. Semella que a mocidade urbana atopa dificultades para dar o paso de incorporar o galego ás súas prácticas sociais habituais.

(Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022)

Das entrevistas e reflexións do noso alumnado nos 21 días co galego e máis podemos tirar as seguintes conclusións:

- A porcentaxe de alumnado galego falante é moi minoritaria e boa parte do que emprega o galego na familia, abandónao no instituto para as relacións cos amigos ou o profesorado.
- Existe unha presión social que favorece que o alumnado galego falante deixe de empregar o galego e que impide que alumnado castelán falante empregue o galego con asiduidade.
- O profesorado e o persoal non docente somos un elemento

fundamental para favorecer o emprego do galego por parte do alumnado. Igualmente, sono os seus compañeiros se empregan o galego.

A seguir imos analizar as respostas aos cuestionarios por sectores da comunidade educativa.

A colaboración co Concello é estreita e amosan sempre boa predisposición a participar nas nosas actividades, tanto desde a Alcaldía, responsables das Concellarías de Educación e da de Cultura, técnicos de Cultura, responsables de Bibliotecas e técnico de Normalización Lingüística.

2.1. A situación lingüística do centro.

O IES Carral manifesta como institución a partir da documentación do centro unha boa predisposición para o uso da lingua galega con normalidade. A seguir imos describir algunhas situacións en relación coa lingua galega no centro.


En xeral, as actividades e documentación que realiza o centro están redactadas en lingua galega.

2.2. A situación do profesorado.


O curso 2020-21 foi especial en moitos sentidos. Aumentou por mor da COVID o número de cursos e tamén de profesorado. Nunca tanto profesorado tivemos no noso centro, roldando os 30 profesores. Ademais, cabe salientar en relación cos datos do PLC anterior a grande mobilidade de profesorado que se produciu, sendo moi poucos os que quedan que estaban no IES de Carral no ano 2015.

Canto aos cuestionarios do profesorado, a mostra non é moi significativa, pois cubriunos $\frac{1}{3}$ do profesorado. Aínda así expoñemos os resultados.

Esta é a lingua en que aprenderon a falar:



É curioso que se dá un aumento do galego na lingua que empregan, ao revés do que ocorre co alumnado:



Non hai variacións significativas nos empregos lingüísticos segundo o ámbito de uso: na casa, coas amizades, no IES, co alumnado, co persoal non docente, nos exames...


Entenden que posúen un bo dominio do galego:



Esta é a súa visión da lingua que emprega o alumnado nas aulas:



Son coñecedores das linguas que se deben de empregar nas diferentes materias no IES de Carral. Canto á presenza do galego no centro, esta é a súa opinión:




Finalmente, sinalan que son coñecedores da maioría das actividades organizadas polo EDLG.


2.3. A situación do alumnado.

Recolléronse 200 cuestionarios do alumnado, co cal podemos dicir que é unha mostra moi significativa.

En primeiro lugar, coidamos de interese resaltar a diferenza entre a aprendizaxe que hai do galego na casa e o posterior emprego que fai do galego.




Mentres que o 28% aprendeu a falar en galego, tan só usa habitualmente o galego un 7%. Ademais é significativo que mentres o 27% indica que aprendeu as 2 por igual, tamén baixa ao 11% os que din que empregan as 2 por igual.




É interesante que cando sinalan o uso nas casas ou co profesorado que dá as clases en galego, o aumento do uso do galego sobe significativamente: un 21% emprega o galego na casa e un 20% co profesorado que usa o galego. Esta é a súa percepción da lingua que emprega o profesorado nas aulas:




A seguir indicamos outros ámbitos dos que reciben o galego; como veremos o máis importante é a familia e, a seguir, os veciños, concello...



Canto ao dominio das linguas, consideran mellor o que teñen das diferentes destrezas comunicativas en castelán.




Son interesantes as preguntas sobre a súa percepción do seu uso do galego no futuro, ou da lingua que empregarán os máis novos ca eles. Sobe considerablemente a súa consideración do galego cando se lles pregunta pola lingua que lles gustaría falar de maiores ou que deberían falar os galegos e galegas:



Finalmente, coidan que coñecen a lingua en que se deben impartir as diferentes materias nun 87%. Entenden que a presenza do galego no centro é considerable nun 67% e moderada ou escasa nun 33%.


Canto ao coñecemento do labor do EDLG, estas son as súas respostas:




2.4. A situación do persoal non docente

O persoal de administración e servizos é o que permanece máis estable no centro desde a súa inauguración. A seguir indicaremos algúns dos


datos que nos aportan os seus cuestionarios. Marioritariamente teñen como lingua inicial o castelán:



Os seus usos lingüísticos correspóndense, en xeral, coa lingua inicial, habendo tan só unha variación significativa no traballo, pois é no IES onde se incrementa o uso que fan do galego.




Na lingua que empregan os distintos membros da comunidade educativa co persoal non docente, aumenta o uso do galego nas familias e diminúe no alumnado:



Canto á capacitación do persoal administrativo e de servizos para usar o galego esta é maioritariamente boa ou moi boa, sendo tan só o 40% o que declara que é media.

A seguir, sinalamos a súa opinión sobre a presenza do galego no centro:




Igualmente destacan que son coñecedores de todas as actividades do EDLG na súa maior parte.

Finalmente, botan en falta a existencia de máis webs en galego e de cursos de actualización.


2.5. A situación das familias.

A porcentaxe de familias que responderon os inquéritos tamén podería ser superior, mais ao facérense de maneira voluntaria, son cos que contamos. Responderon arredor do 20% das familias do IES.


Canto aos usos lingüísticos, destacar a diferenza de uso do galego das familias cando se dirixen aos seus fillos en relación ao resto de usos.




Por outra banda, os pais consideran que os seus fillos usan moito máis o galego no instituto do que os propios nenos afirman e do que o usan na casa (ao revés do que sinala o alumnado no seu cuestionario):




Canto aos coñecementos que sinalan as familias en relación coa lingua galega, estes son os resultados:



A súa opinión sobre a presenza do galego no centro (a verdade que este ano é unha pregunta que lles sería difícil de responder porque as familias case non puideron visitar o IES):



A situación da COVID tamén puido influír no coñecemento que posúen das actividades que realizou o EDLG:



Finalmente a maioría das familias responderon que o coñecemento que lles gustaría ter das actividades do EDLG sería por correo electrónico.

3- LINGUA QUE SE DEBE EMPREGAR NAS DIFERENTES MATERIAS

Dado que está prevista a implantación dunha nova lei educativa, consideramos prudente mantermos o reparto de linguas a empregar en cada materia decidido no PLC anterior.

A lingua utilizada nas aulas:

A lingua das materias de idiomas ha ser a propia: Castelán, Francés, Galego e Inglés.

Restadas as linguas estranxeiras, o galego e o castelán has ser as linguas do 50% da docencia.

É obrigado impartir en galego as seguintes materias: Ciencias da Natureza, Bioloxía e Xeoloxía e Ciencias Sociais, Xeografía e Historia. E en castelán: Física e Química, Matemáticas e Tecnoloxía.

No resto das materias hai unha distribución equitativa de ambas linguas oficiais e neste centro non se imparten materias curriculares en linguas estranxeiras.

MATERIAS 1º DA ESO

CASTELÁN	H	GALEGO	H	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	4	LINGUA GALEGA	4	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	5	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	2
PLÁSTICA	2	BIOLOXÍA	4		
LIBRE CONFIGURACIÓN	1	E. FÍSICA	2		
		RELIXIÓN/ÉTICA	1		

MATERIAS 2º DA ESO

CASTELÁN	H	GALEGO	H	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	5	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	2
FÍSICA QUÍMICA	3	E. FÍSICA	2		
TECNOLOXÍA	3	RELIXIÓN/ÉTICA	1		
		MÚSICA	2		
		LIBRE CONFIGURACIÓN	1		

MATERIAS 3º DA ESO

CASTELÁN	H	GALEGO	H	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	4	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	2
FÍSICA QUÍMICA	2	E. FÍSICA	2		
TECNOLOXÍA	2	RELIXIÓN/ÉTICA	1		

PLÁSTICA	2	CULTURA CLÁSICA	2		
MÚSICA	2	BIOLOXÍA	2		

MATERIAS 4º DA ESO ACADÉMICAS

CASTELÁN	H	GALEGO	H	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	4	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	3
FÍSICA QUÍMICA	3	E. FÍSICA	2		
PLÁSTICA	3	RELIXIÓN /ÉTICA	1		
MÚSICA	3	TICS	3		
LATÍN	3	BIOLOXÍA	3		
		ECONOMÍA	3		

MATERIAS 4º DA ESO APLICADAS

CASTELÁN	H	GALEGO	H	INGLÉS/FRANCÉS	H.
LENGUA CASTELLANA	3	LINGUA GALEGA	3	PRIMEIRA LE	3
MATEMÁTICAS	4	XEOGRAFÍA	3	SEGUNDA LE	3
TECNOLOXÍA	3	E. FÍSICA	2		
PLÁSTICA	3	RELIXIÓN /ÉTICA	1		
MÚSICA	3	TICS	3		
		IAE	3		
		CCAAP	3		

4- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

No noso centro a maioría dos inmigrantes son de lingua castelá, procedentes doutras comunidades autónomas españolas ou ben de Sudamérica. Isto facilita a súa aprendizaxe do galego, por seren dúas linguas latinas. Ademais, son un número aínda moi reducido de alumnos, o que facilita que teñan unha atención máis individualizada. Os que teñen como lingua de orixe o portugués serán moi beneficiosos para propiciarmos actitudes de prestixio positivas cara ao galego. Tamén é certo que se poden dar casos de alumnado procedente de África, Asi ou o Leste de Europa cun deficiente ou nulo coñecemento do castelán.

É por iso que é preciso tomarmos medidas para axudarnos na súa correcta integración e na aprendizaxe das dúas linguas oficiais en Galicia.

- Realizaremos unha avaliación lingüística inicial, que nos permitirá tomar as decisións de tipo curricular ou organizativo que consideremos c oportunas.

O Departamento de Orientación en colaboración co Departamento de Lingua Galega (e se é o caso o de Lingua Castelá¹) van ser quen se encarguen de facer unha primeira valoración destes alumnos/as.

- Haberá que valorar tamén as necesidades de alumnado estranxeiro que xa se incorporara o curso pasado e facerlle un seguemento.
- Se for preciso, os Departamentos de Linguas deseñarán un programa de medidas de tipo curricular, na medida do posible dentro da aula, para que o citado alumnado poida seguir as aulas en galego ou castelán con normalidade.
- Os outros Departamentos poden elaborar, se for necesario, material noutras linguas para que o alumnado poida seguir as aulas con aproveitamento.
- Se se precisar, o alumnado recibirá reforzo educativo fóra da aula (sempre que sexa posible).
- A titora ou titor en coordinación co profesorado da aula, realizará un seguemento dos progresos do alumno/a para comprobar a eficacia das medidas.

5- OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Trataremos de potenciar aqueles espazos en que o Decreto de Plurilingüismo dá pé a facelo:

Decreto de plurilingüismo. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 97, 25-5-2010).

Artigo 11º. Potenciación da lingua galega nos centros.

Coa finalidade de promover o uso do galego nos centros, a consellería competente en materia de educación establecerá un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

5.1- OBXECTIVOS

Entre os obxectivos principais está o de consolidar aqueles aspectos que consideramos están a funcionar:

Continuaremos a activar dinámicas que propicien a participación do alumnado e dos distintos membros da comunidade educativa cara á lingua galega: mediante concursos que procuren incentivar o seu uso e eliminar prexuízos; utilizando o idioma en actividades que sirvan de exemplo dun uso normal da lingua; recuperando e transmitindo tradicións, feitos históricos, facendo publicidade dos nosos creadores culturais, literarios e musicais...

Poremos a disposición do profesorado (en colaboración co Equipo de Biblioteca, co Equipo Directivo, con outros Departamentos) recursos sobre os diferentes eventos que queiramos realizar, para que ademais das actividades conxuntas, poidan preparar nas súas aulas.

Seguiremos a consolidar usos lingüísticos acadados xa hai tempo

como a utilización normal do galego nos usos escritos dos distintos estamentos do Centro.

Continuaremos a colaborar co Concello de Carral para promover e consolidar o uso do galego, especialmente coa Técnica de Normalización Lingüística e coas Concellarías de Educación e de Cultura. Tamén cos técnicos e responsables das bibliotecas do Concello.

5.1. Obxectivos en relación co contorno sociolingüístico do centro.

5.1.1 Incidiremos mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

5.1.2. Promoveremos a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego: relacións co Concello, asociacións veciñais e culturais, comercios, etc.

5.1.3. Establecer as accións de dinamización que fomenten a autoestima cara á lingua galega dos pais e nais, especialmente galego-falantes, co obxectivo de evitar a negación da propia lingua na transmisión de pais a fillos.

5.2. Obxectivos en relación co profesorado.

5.2.1. Responsabilizar o profesorado no proceso de dignificación da lingua, como modelo lingüístico diario de referencia do alumnado.

5.2.2. Facermos promoción e darlle visibilidade ás actividades do EDLG a través das redes sociais, da web do centro ... de maneira que cheguen ao maior número de profesores e desta maneira tamén ao noso alumnado.

5.2.3. Forneceremos ao profesorado e informarémolo de canto material relacionado coas TICS apareza en galego, facilitando o mesmo ou os enderezos web onde se poden buscar.

5.2.4. Axudar ao profesorado na procura de material audiovisual e

relacionado coas novas tecnoloxías en galego, de maneira que o seu descoñecemento non impida o seu uso.

5.2.5. Informar ao profesorado das medidas que están aprobadas no noso centro para a promoción e uso do galego, de maneira que se aproveiten e se leven a cabo.

5.2.6. Propoñer actividades que melloren as actitudes lingüísticas da comunidade escolar que potencien o uso do galego en contextos diversos no centro, tamén fóra das aulas e nas actividades extraescolares e complementarias:: conferencias, coloquios, teatro, actividades deportivas, ...

5.2.7. Proporcionar asesoramento lingüístico ao profesorado que o precise para a realización dalgunha das actividades.

5.3. Obxectivos en relación co alumnado.

5.3.1 Manter e consolidar unha competencia lingüística plena naquel alumnado que teña a lingua galega como código habitual.

5.3.2. Favorecer o emprego do galego por parte de aquel alumnado que manifesta utilizalo na familia e fóra do centro.

5.3.3. Promover actividades que potencien a oralidade en lingua galega (lembremos que é a habilidade lingüística que din que lles custa máis).

5.3.4. Publicitar e dar visibilidade a aqueles traballos que haxa en galego nos campos en que máis se move a mocidade: música, novas tecnoloxías, redes sociais, blogs...

5.4. Obxectivos en relación coa situación lingüística do centro.

5.4.1. Activar accións e dinámicas cara á mellora das actitudes da comunidade educativa respecto da lingua galega.

5.4.2. Galeguizar os usos escritos do Centro que non o estean xa (comunicacións internas e externas, documentación administrativa, material didáctico, impresos, ...).

5.4.3. Favorecer a creación de espazos de uso da lingua propia desde a escola.

5.4.4. Presentar actitudes e accións xerais favorables ao desenvolvemento e ao progreso educativo do ensino en galego, que fagan da galeguización un sinal de identidade e calidade educativa do centro.

5.2- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

As propostas de actuación para a Dinamización da Lingua Galega, engadímolas en anexo, pois son as que incluimos no Proxecto de Fomento do Galego do IES de Carral para o curso 2020/21.

https://drive.google.com/file/d/1zTOpyHA83Knesd-MjZrNhYwYGhMm68_J/view?usp=sharing

6- OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS

OBXECTIVOS	
LINGÜÍSTICOS	<ul style="list-style-type: none">● Implantar seccións bilingües nas dúas linguas estranxeiras a curto prazo.● Procurar o desdobre das aulas para o traballo oral da 1º/2º lingua estranxeira.● Reforzar a lecto-escritura nas dúas linguas estranxeiras traballando coas TICS e creando libros, comics, revistas, guións que serán logo interpretados...● Diseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado.● Potenciar o traballo por proxectos xunto con outros Departamentos e favorecer a aprendizaxe cooperativa.● Reforzar a comprensión oral co visionado de películas e documentais en versión orixinal.
CULTURAIAS	<ul style="list-style-type: none">● Coñecer outras culturas e realidades que esperten o seu interese e curiosidade e enriquecer, deste xeito, a súa competencia pluricultural.● Establecer intercambios por correspondencia e de viaxe ao estranxeiro● Potenciar o traballo en equipo, favorecendo as relacións interpersoais e as actitudes de cooperación entre o alumnado.● Consolidar a presenza das linguas estranxeiras na vida académica do centro como linguas de uso (carteis, entrevistas na lingua estranxeira aos diferentes membros da comunidade educativa, cancións, poemas, receitas, películas, documentais)

LIÑAS DE ACTUACIÓN

MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

- Potenciar o uso oral e escrito das linguas estranxeiras na actividade académica.
- Aproveitar todos os espazos de uso para a lingua estranxeira: publicacións, concursos, actividades relacionadas coa oratoria, teatro, música, gastronomía, deportes...
- Colaborar coa biblioteca escolar no fomento da lectura (intensiva e extensiva), presentación de contacontos na lingua estranxeira realizados polo propio alumnado do centro...

DINAMIZACIÓN DA VIDA CULTURAL

- Promover intercambios con alumnos/as dos países cuxas linguas están a aprender.
- Animar ao alumnado do centro a participar nos programas de actividades de formación de linguas estranxeiras convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Participar na organización das celebracións tradicionais: Magosto, Entroido, Nadal...
- Organizar e/ou participar en concursos literarios, musicais, gastronómicos...
- Potenciar actividades culturais relacionadas co entorno das linguas estranxeiras, creando situacións de comunicación real co alumnado anglo e francófono no estranxeiro: intercambios por correspondencia, videoconferencias ou estadias no Reino Unido e Francia.
- Realizar exposicións ao longo do curso relacionadas cos traballos que os alumnos/as realizan na aula, co fin de compartilo co resto da comunidade educativa.

7- RECURSOS E MATERIAIS

HUMANOS

Persoal de administración e servizos

Todo o profesorado do centro.

Colaboración con:

Concello de Carral

Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega.

MATERIAIS

Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...

Bibliotecas de aula.

Google Sites, carralengalego

Aula Virtual do IES de Carral

Blog da Biblioteca Pasando páxina

Web do IES de Carral

Taboleiros do centro.

8- AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, o Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste: as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

9- ANEXOS

Actividades do Proxecto de Fomento do Galego para o curso 2020/21

Descrición das actividades de dinamización lingüística.

Imos situar as actividades co obxectivo que máis lles acaia, tendo en conta que a maior parte das actividades favorecen máis de un obxectivo.

Actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos establecidos a ver co contorno sociolingüístico do centro.

Actividade 1:

Título: Biblioteca de banda deseñada en galego

Descrición: co orzamento facilitado polo centro e en colaboración co Equipo de Biblioteca procuraremos aumentar considerablemente os libros de banda deseñada e álbums ilustrados que hai na nosa Biblioteca.

Actividade 2

Título: Sempre en galego, en galego de sempre

Nesta actividade queremos englobar toda unha serie de actos e feitos que realizamos ao longo do curso e que pretenden facer visibles as nosas tradicións.

- O Samaín: Concurso de debuxos.
- A Candeloria: concurso de lemas amorosos para camisetas...

Actividade 3

Título: 175 aniversario dos Mártires de Carral

Descrición: como non se poden realizar saídas, en principio non realizaremos o habitual intercambio co IES de Cacheiras, se ben intentaremos realizar algunha actividade online ou divulgar audiovisualmente aqueles intercambios realizados.

Actividade 4

Título: Das nosas letras...

Descrición: debido á desigualdade coa que parte o noso idioma en relación ao castelán para chegar ao noso alumnado na lectura e na escrita (ausencia de cómics case total, de promoción nas librarías a non ser en datas concretas...) deseñaranse actividades para promover a lectura en galego. Trátase de promover planos de lectura seguindo técnicas de animación, aproveitando o auxe da literatura infantil e xuvenil en galego. Este ano as actividades serán por curso e en cada aula: realización e proxección de videos promocionais da lectura, recitais poéticos e lecturas dramatizadas, apartados dedicados a unha temática determinada (medo, aventuras,). Non sempre se poden prever todas con antelación; aquí tamén aproveitamos convites de outras institucións ou posibilidades que se nos presentan de asistir a obras de teatro, por exemplo. Estas son algunhas das que realizaremos este curso.

- Asistencia a representacións teatrais, contacontos... (se o permite a situación)
- Celebración do Día de Rosalía (24 de febreiro)
- Semana das Letras Galegas.
- Realización de lecturas colectivas.

Actividades encamiñadas á consecución dos obxectivos en relación co profesorado.

Actividade 5

Título: Contamos con todo

Descrición: Facer unha análise das necesidades existentes entre o colectivo do profesorado para desenvolver o seu traballo en galego.

Actividade 6

Título: Participamos en galego

Descrición: o EDLG, seguindo as directrices do decreto en relación coa lingua galega, coidará e proporá aos Departamentos que organicen actividades extraescolares e complementarias que utilicen a nosa lingua e que propoñan que a participación nas mesmas se faga tamén, oralmente e por escrito, en galego. Evidentemente, a non ser que a actividade sexa organizada en relación con outra lingua (castelán, inglés e/ou francés).

Actividades a realizar para a consecución dos obxectivos en relación co alumnado.

Neste apartado a maioría das actividades contribúen a acadar varios dos obxectivos en relación co alumnado, polo que optamos a non clasificalas por obxectivos, agás a que se comenta en primeiro lugar, que é máis específica.

Actividade 7

Título: Club de lectura “A Pedra Rosetta”

Descrición: en colaboración co Equipo de biblioteca continuamos co club de lectura, aínda que en realidade son dous: un o luns ao mediodía e outro dous recreos ao mes . A intención é divulgar e fomentar a lectura.

Actividade 8

Título: Mes da Ciencia en Galego

Descrición: en colaboración cos Departamentos e profesorado que o desexen, realizaremos actividades no mes de novembro relacionadas co ámbito científico:

Actividade 9

Título: 21 Días co galego e +

Descrición: A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta ofreceunos participar neste programa, que vai xa pola 3ª edición. Só se lle ofrece cada ano a 8 institutos de toda Galicia.

En que consiste basicamente? Durante 21 días o alumnado comprométese voluntariamente a usar o galego a tempo completo (agás no centro nas materias en que non se pode usar).

Trátase de que reflexionen sobre a súa relación co galego.

Calendario dos 21 días no 2021

9.1- Actividades de dinamización previas: todas elas colgadas no Google Site Carral en Galego con acceso desde a web do centro. Pretenden animar ao alumnado a implicarse nos 21 días: colabora toda a comunidade educativa de Carral: a presente na actualidade no centro, exalumnado, exprofesorado, CEIP Vicente Otero, Concello...

9.2- Inauguración dos 21 días o 22 de febreiro co Mago Antón.

9.3- Actividades levadas a cabo polo alumnado durante os 21 días en todos os recreos: 4 actividades, 1 por zona, en cada recreo (van rotando por día) .

23 - FEB	4ºA (7) FOTOCALL	2ºA (4) VEÑA + 5	1ºD (3) PASAPALABRA	1ºC (5) XOGO TRAD
24 FEB	4ºB (7) XOGO TRAD	2ºB (4) FOTOCALL	1ºA (3) VEÑA + 5	1ºB (5) PASAPAL
25 FEB	4ºA PASAPAL	2ºC (3) XOGO TRAD	3ºA (4) FOTOCALL	3ºC (4) VEÑA + 5
26 FEB	4ºB VEÑA + 5	2ºD (3) PASAPAL	3ºB (4) XOGO TRAD	1ºC FOTOCALL
27 FEB	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE
28 FEB	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE
1 MARZO	BINGO 4ºA	BAILE TRAD. 2ºA	REGUEIFA 3ºB	EU SEI... 3ºC
2 MARZO	REGUEIFA 4ºB	BINGO 2ºB	BAILE TRAD. 3ºA	XOGO POSIT 1ºB
3 MARZO	XOGO POSIT 4ºA	EU SEI...2ºC	BINGO 1ºA	BAILE TRAD. 1ºC
4 MARZO	BAILE TRAD. 4ºB	XOGO POSIT 2ºD	REGUEIFA 1ºD	BINGO 1ºB

5 MARZ O	EU SEI... 4ºA	REGUEIFA 2ºA	XOGO POSIT 3ºA	BAILE TRAD. 3ºC
6 MARZ O	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE
7 MARZ O	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE
8 MARZ O	MULLER 4ºB	MULLER 2ºA	MULLER 1ºA	MULLER 1ºC
9 MARZ O	EXPOSICIÓN 4ºA	RECITAL 2ºB	XERÓGLIFOS 1ºD	TEATRO 1ºB
10 MARZ O	TEATRO 4ºB	EXPOSICIÓN 2ºC	RECITAL 3ºA	XERÓGLIFOS 3ºC
11 MARZ O	XERÓGLIFOS 4ºA	TEATRO 2ºD	EXPOSICIÓN 3ºB	RECITAL 1ºB
12 MARZ O	RECITAL 4ºB	XERÓGLIFOS 2ºB	TEATRO 1ºA	EXPOSICIÓN 1ºC
13 MARZ O	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE
14 MARZ O	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE	YOUTUBE

9.4- Acto de clausura: sesión de música galega co DJ Manuel Tremendo Caamagno.

Actividades a realizar para a consecución dos obxectivos en relación coa situación lingüística do centro.

Actividade 10

Título: Cuestionarios para coñecer a realidade sociolingüística do centro

Descrición: realizaranse uns inquéritos a cubrir cando menos polos novos membros da comunidade educativa. Realizarase a partir das aplicacións do Google Drive.. O programa xa nos proporciona os gráficos e as porcentaxes das respostas.

Actividade 11

Título: en galego, por principios

Descrición: Establecer o galego como lingua de contacto inicial, cando menos, entre o persoal do centro e calquera outro membro da comunidade educativa ou da sociedade en xeral. Faremos varias campañas informativas e publicitarias.

Actividade 12

Título: Concurso, “En galego todos os días”

Descrición: concurso para elaborar un calendario de peto con unha imaxe que anime ao uso da nosa lingua.

Actividade 13

Título: Auditoría lingüística

Descrición: facermos unha auditoría de todos os usos lingüísticos que fai o propio centro e a comunidade educativa, para comprobarmos o nivel de galeguización: blogs de aulas, departamentos, ciclos, aula virtual, taboleiros... Servirá para comprobarmos en que niveis temos un maior uso do galego e en cales se pode potenciar.